

CONCELLO DE VIGO

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DE PROVEER DÚAS PRAZAS FUNCIONARIAIS DE SARXENTO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POR QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014, 2015, 2016.

Sendo as 9,30 horas do día 15 de xaneiro de 2019, reúnen-se os membros do órgano de selección que de seguido se relacionan, nas dependencias do servizo de seguridade e mobilidade, acadando o *quórum* suficiente de constitución (base xeral 8.4.1), co obxecto de proceder á resolución das distintas alegacións presentadas contra o segundo exercicio da oposición (exame teórico práctico):

D. Miguel Estévez Prado, Xefe do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Pontevedra, na condición de Presidente titular do Tribunal.

D. José Néstor Padrón Cibeira, enxeñeiro técnico industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, actuando na súa condición de vocal titular primeiro.

D. Francisco Javier Álvarez Ferreira, Inspector Principal do Corpo da Policía Local do Concello de Vigo, actuando na súa condición de vocal titular terceiro.

D. Manuel Ángel Córdoba Ardao, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo, actuando como secretario titular do Tribunal, actuando con voz e sen voto.

Dáse conta, polo Secretario deste órgano colexiado, das reclamacións presentadas contra a corrección do segundo exercicio da oposición:

- **Alegacións presentadas por D. Daniel Dabaleiro Novelle** o día 19.12.2018 (documento nº 180202700), polas que ven a solicitar que se lle informe, motivadamente, dunha desagregación pormenorizada das notas emitidas polos membros do órgano de selección en referencia ao seu exercicio, ao tempo que solicita do órgano de selección que requira da Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) a emisión dun informe de contraste verbo do exercicio realizado polo opositor.
- **Alegacións presentadas por D. José Antonio Villar Comesaña** o día 19.12.2018 (documento 180202351), polas que ven a cuestionar as cualificacións emitidas en referencia aos parámetros de corrección seguidos polo Tribunal, ao considerar que tratou as mínimas cuestións que merecían ser obxecto de valoración consonte aos propios criterios acordados polo órgano de selección. Achega unha transcripción mecanográfica do seu exame.

Con carácter previo ao estudo e resposta das alegacións presentadas, e no tocante ao deber de motivación dos xuízos de valor de carácter técnico emitidos polos órganos de selección, o Secretario informa aos membros do Tribunal da necesidade de incorporar unha desagregación pormenorizada das cualificacións emitidas na pasada sesión, de acordo cos distintos subapartados nos que se estruturou cada un deses parámetros de corrección, todo ilo de acordo co maxisterio xurisprudencial recaído na materia (Sentenzas do TS de 16 de marzo de 2015, recurso 735/2014, e de 14 de marzo de 2018-recurso de casación nº2762/2015-, e sentenza do T.S.X. de Galicia, sala do contencioso administrativo, número 366/2018, de 19 de setembro de 2018 -Recurso de Apelación 167/2018-). Segundo expón a doutrina xurisprudencial invocada, unha vez presentada unha reclamación ou alegación por un aspirante do proceso selectivo na que se cuestione o proceso lóxico seguido polo Tribunal para a emisións das cualificacións individuais, debe ofrecérselle ao opositor unha explicación detallada da forma na que foron ponderados os criterios ou

parámetros valorativos preestablecidos para a puntuación desta proba, isto é, exteriorizando o modo no que os membros do órgano cualificador conformaron o seu xuízo de convicción.

Por tal razón, e como primeira actuación a realizar nesta sesión e antes de proceder á análise e resolución das alegacións presentadas, os membros do órgano de selección, por unanimidade, proceden a desagregar dunha forma máis pormenorizadas as puntuacións iniciais emitidas con motivo da primeira corrección do exercicio, incorporándose á presente Acta, **como documentos anexos 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º**, os seis cadros de puntuacións desagregadas emitidas, por cada un dos tres membros do órgano de selección que cualificaron este exercicio na pasada sesión, en referencia aos dous opositores presentados.

Co obxecto de exteriorizar aos aspirantes unha motivación máis detallada dos criterios acordados para a corrección, proceden a realizar unha sucinta exposición dos distintos aspectos que deberían ser tratados polos aspirantes para poder considerar unha correcta contestación ao caso teórico-práctico elaborado.

O órgano de selección, propuxo para esta proba un exercicio específico, que debía afrontarse dende a perspectiva do posto ao que se aspira, neste caso o de Sarxento, definindo as directrices e accións para resolver o suposto plantexado.

Dito exercicio estruturábase en dúas fases:

1ª. Defínese unha situación pouco concreta na que falta información, polo que se trata de activar o “despacho automático” baseado nos protocolos de mobilización de medios: *“En función da información recibida, debe enumerarse o conxunto de accións e organización previa dos recursos que deben ser mobilizados de forma urxente para combater o sinistro”.*

2º. Defínese unha evolución do sinistro desfavorable, que require dunha mobilización de maior número de recursos e unha coordinación xerárquica superior, activando a xestión directa do Sarxento: *“En referencia á evolución do sinistro/novo escenario da emerxencia, debe especificarse o procedemento, a activación e mobilización de recursos, así como a coordinación do plan de acción. O exercicio debe conter a evolución completa da intervención.”*


Elaborado o exercicio polo Órgano de Selección, establecéronse de xeito motivado os criterios de avaliación do mesmo e as puntuacións máximas de cada un dos apartados e subapartados nos que se divide o suposto teórico-práctico, criterios que foron comunicados aos opositores antes do inicio da proba, que aparecen recollidos na acta, e que se definen a continuación:

Introdución	0,50
1ª FASE – Previo (Contendo a información comprendida no punto 1º)	2,00
2ª FASE – Procedemento	2,50
3ª FASE – Dirección e control	2,50
4ª FASE – Post intervenciónn	2,00
Análise final	0,50

Introdución: Neste punto, o obxectivo é avaliar a capacidade organizativa e estrutural sobre a xestión da emerxencia. A introdución debe comprender o conxunto normativo que afecta a xestión específica do caso plantexado, tanto a nivel territorial como especial. Debe incluírse neste apartado, o conxunto de Leis, normativas de referencia, planificación de Protección Civil, sistema de xestión da emerxencia, normas UNE, etc.

1º FASE – Previo: Este punto debe estar composto por un conxunto de accións cronolóxicas que definen o procedemento inicial: Alarma-aviso, recollida de datos, protocolo de mobilización de medios (tren de saída, recursos humanos), a aproximación, o itinerario e localización dos vehículos desprazados. Unha vez no punto, realizarase a avaliación do escenario do sinistro, así coma a organización das primeiras tarefas e plan de acción, o paso de información ao superior xerárquico, trasladando a información necesaria para unha posible xestión superior ou para unha preactivación de plans específicos.

2º FASE – Procedemento: Nesta fase analízase o sinistro para reevaluar (círculo dinámico) a xestión da emerxencia e o plan de acción establecido polo Cabo xefe de equipo, xa que o sinistro evoluciona desfavorablemente, o que obriga a activar unha coordinación superior (neste caso o Sarxento ou xefe de garda + RRHH+RRMM), o paso de información ao CECOP para o traslado ao CIAE 112, así como unha

The bottom of the page features several handwritten signatures and initials in black ink. From left to right, there is a large, flowing signature, followed by a smaller signature, and then two sets of initials or symbols, one of which appears to be a stylized 'P' and another a stylized 'B'.

mobilización de medios, equipos ou Servizos específicos. Solicítase por parte do Cabo ou xefe de equipo a mobilización do Sarxento ou xefe de garda para unha coordinación superior dos recursos.

3º FASE – Dirección e control: Nesta fase, debe definirse a activación operativa do Sarxento ou xefe de garda, a súa mobilización cara ó lugar para asumir a dirección da emerxencia e realizar fisicamente o traspaso de información entre o Cabo ou xefe de equipo e o Sarxento ou xefe de garda, co obxecto de asumir o mando da intervención. Debe recollese o establecemento do Posto de Mando Avanzado e a sectorización do escenario, para coordinar diferentes medios mobilizados e mitigar o incidente. Debe valorarse a necesidade de relevos entre o persoal en caso de prever unha intervención desenvolvida no tempo. Por outro lado, a solicitude mediante o CECOP de medios específicos, traspaso de información da tipoloxía da emerxencia, a súa clasificación e posibilidade de activación de plans específicos. Debe recollese a análise do sinistro para reevaluar (círculo dinámico) a xestión da emerxencia e o plan de acción establecido, asumindo a coordinación dos diferentes grupos de acción dende o Posto de Mando Avanzado pasando a información a liña vertical xerárquica por se fose necesaria unha coordinación superior dependendo da evolución do sinistro. Debe establecerse o control da emerxencia.

4º FASE – Post intervención: Nesta fase, deben analizarse os danos producidos polo sinistro e valorar a situación, dende o xeral ao específico. Debe analizarse a posibilidade de ter que aplicar medidas correctoras e de recuperación do escenario, así como a posibilidade de dar por controlada e/ou finalizada a intervención. Debe ser analizada a posibilidade de ter que organizar retén de seguridade ou planificar medidas de custodia do escenario. A ter en conta nesta fase é o intercambio de datos do sinistro coas partes implicadas e cos medios mobilizados ao efecto, así como a recollida dos recursos materiais utilizados e a desmobilización dos medios. Unha vez realizado o retorno á base é necesario recoller a reorganización do estado previo, a hixiene do persoal e a limpeza do material, realizando a reposición dos materiais utilizados.

5º Análise: Neste punto, o obxectivo é analizar a capacidade organizativa e estrutural desenvolvida sobre a xestión da emerxencia, trasladando que tipo de procedemento se utilizará para analizar a intervención (*debriefing*). De xeito pormenorizado, avaliar o procedemento utilizado e o plan de acción executado. Debe contemplarse a necesidade da elaboración do informe combinado por fases entre o Cabo ou xefe de equipo e o Sarxento ou xefe de garda.

Cabe dicir que os apartados e subapartados definidos polo Órgano de Selección empréganse para a corrección do exame simplemente como referencia, sen avaliar o orden, o desenvolvemento nin a secuencia de feitos para contraste co exercicio do aspirante. Os valores asignados a cada punto dos apartados e subapartados son asignados en función da importancia establecida para a resolución do suposto teórico-práctico.

Partindo destas cuestións previas, o suposto práctico fai referencia a un accidente sobre unha cisterna de transportes de mercancías perigosas que afecta a unha zona de influencia forestal, e os aspirantes deberían identificar con claridade e precisión cal é a mercancía perigosa, cuestión de capital importancia para todo o proceso de desenvolvemento do caso práctico.


Presupoñéndose que o xefe de servizo é (hipoteticamente) o propio aspirante -xa que está concibido o suposto práctico para ser respondido por un aspirante a sarxento-, tería que especificarse, na contestación do caso, a qué mando ao autoridade xerárquica avisa da incidencia.

Debería igualmente precisarse, dunha maneira clara, cales son os trens de saída establecidos no propio SEIS de Vigo, e o protocolo de actuacións para un transporte de mercancías perigosas.

Tamén deberían indicarse na contestación cales son os vehículos específicos para este tipo de sinistro dos que dispón o servizo (BUL/B.N.P./F.S.V).

A saída deberá realizarse sempre desde o Parque Central de Teis e non desde o Parque auxiliar de Balaídos, e esta cuestión debe quedar perfectamente clarificada na solución do caso práctico, xa que, como sarxento, o aspirante sería o máximo responsable da quenda de servizo. E unha vez analizada a situación e en función da súa magnitude e afección, tería que darse notificación ao oficial xefe do servizo.

Os aspirantes deberían identificar, como xa se adiantou, o produto 1005 (NH3), *anhidro*, e realizar unha descrición do mesmo (por exemplo, a mención dun produto 268 como número de perigo é unha categoría

The image shows several handwritten signatures and marks at the bottom of the page. On the left, there is a large, cursive signature. To its right, there are several smaller, less distinct signatures and marks, including what appears to be a circled '3' and other scribbles.

demasiado ampla que pode facer referencia a diversas substancias, cuxo comportamento presentará distintos riscos, dependendo de como interactúe co medio e entorna, sendo insuficiente esta mención xa que se debería concretar, como razoamos, o tipo de produto).

Do mesmo xeito, e unha vez identificado o produto, a resolución do caso requiriría especificar correctamente o tipo de EPIS a utilizar (nivel I en Equipo Respiración Autónoma).

Deberían terse sinalado os radios de seguridade, establecendo os perímetros de actuación. En especial, debería facerse referencia a un radio mínimo de 75 m sobre o punto 0, e outro de 2,4 Km de control sobre a nube que se pode xerar por influencia do vento, prevendo un desaloxo da poboación.

Dependendo da carga de fogo existente, e que pode afectar á cisterna, debería avaliarse tamén o risco dunha posible explosión de gases licuados- BLEVE.

Cumpre advertir igualmente dunha consideración capital: o NH₃ ten un peso molecular de 17 g/mol, de forma que cada mol en fase líquida pasa a fase vapor ocupando un volume de 22,4 l. A cisterna podería verse comprometida si se xerara un exceso de NH₃ en fase de vapor. E se a válvula non ten a capacidade de liberar a presión que se xera no interior do recipiente polo cambio de fase, debido ao aumento de temperatura, córrese o risco de que se produza unha rotura do recipiente, e estas cuestións deberían terse tido en conta ou mencionarse, minimamente, polos opositores.

Se a fuga a través da válvula se encontra incendiada, só podería extinguirse se fósemos capaces de controlar a fuga, e, noutro caso, debería refrixerarse, cuestión que tamén debería ser tratada polos opositores.

O calor excesivo tamén pode xerar produtos de descomposición perigosos, e debería terse en conta esta posibilidade á hora de enfocar o caso práctico.

Tamén debería facerse unha mínima mención ás previsións e incidencia da Lei de Emerxencias de Galicia na resolución deste caso, o que significaría a necesidade de analizar a activación do PEMU, sendo o Alcalde o máximo responsable, e, no caso de que o incidente puidese afectar a mais municipios, a activación do PLATERGA.

Tendo en conta que Vigo pertence ao Distrito Forestal nº 18, con base en Porriño, deberá comunicarse a incidencia ao 085 por verse afectada a masa forestal.


Por último, debería identificarse e planificar correctamente as liñas de traballo para o control, refrixeración e difuminación do incidente.

Partindo do anterior o Tribunal desexa constatar, á hora de xustificar e motivar o rigor das cualificacións emitidas, que ámbolos dous exercicios executados polos dous aspirantes foron desenvolvidos cun grao de xeneralidade e imprecisión tal que non satisfai unha plena resposta ao caso teórico práctico elaborado, cuxa correcta resolución demandaría un enfoque e análise, cando menos aproximado ao que se lles ofrece agora coas presentes explicacións, se ben cumpre igualmente advertir que, no caso do aspirante que obtivo unha cualificación moi próxima ao aprobado (Sr. Villar Comesaña), evidénciase certamente un nivel de resposta sensiblemente superior ao do segundo aspirante cualificado.

Exposto o anterior, procédese a resolver as alegacións presentadas.

1º. Alegacións presentadas por D. Daniel Dabaleiro Novelle o día 19.12.2018 (documento nº 180202700). Os membros do órgano de selección con voz e voto acordan, por unanimidade, estimar parcialmente as alegacións unicamente no tocante á obriga de exteriorizar, polo órgano de selección, unha motivación razoada do seu xuízo de valor, procedendo asemade a unha desagregación das cualificacións emitidas, tal e como se expresa nesta Acta.

Porén, o órgano de selección desestima as alegacións no tocante á emisión dun Informe de contraste por parte do Xefe do Servizo do SEIS, ao entender que o órgano de selección é un órgano soberano e tecnicamente cualificado tanto para confeccionar como para valorar e puntuar a realización dunha proba práctica destas características, xa que o contrario supoñería tanto o mesmo que cuestionar a capacidade técnica, a imparcialidade e a obxectividade do propio tribunal cualificador.



Tamén, por criterio unánime, os membros do Tribunal entenden que as cualificacións emitidas ao aspirante non deben ser obxecto de revisión, entre outras razóns por canto (A) non invoca nin concreta en qué aspecto da valoración o órgano de selección puido errar ou excederse nos seus criterios de corrección e, (B) o exercicio realizado non acadou un nivel técnico de execución sequera próximo ao aprobado (establecido en 5,00 puntos) tal que merecese unha mínima actuación revisora do órgano de selección verbo dos seus propios actos.

Sen prexuízo do anterior, trasládase ao interesado que a valoración do seu exercicio baséase nos seguintes aspectos:

Introdución: O aspirante, non realiza introdución ningunha no suposto teórico-práctico. Non recolle referencia ningunha sobre o conxunto de Leis que afectan directamente ás emerxencias, nin norma básica nin planificación de Protección Civil. Tampouco se enumera nin describe sistema algún de xestión de emerxencias nin norma UNE. Non se define capacidade organizativa nin estrutural sobre a xestión da emerxencia.


1º FASE – Previo: O aspirante, nesta primeira fase realiza unha descrición xeral de como xestionar a alarma e a recollida de datos. Activa un protocolo que non se especifica e fai referencia a uns recursos humanos e materiais que conforman un tren de saída. En referencia ao itinerario, especifica as condicións da aproximación e organiza os medios restantes do operativo. Non queda claro se o Sarxento está ou non mobilizado de cara ó sinistro. Actívase o protocolo establecido para o sinistro segundo a información a pesar de que no primeiro punto do exercicio trasládase que existe información pouco concreta sobre o sinistro. Transmítese que superiores xerárquicos mobilízanse posteriormente para o seguimento do sinistro aínda sen especificar.

2º FASE – Procedemento: O aspirante, nesta segunda fase realiza unha descrición xenérica do procedemento de avaliación inicial. Traslada información ao CECOP. Indica unha serie de tarefas de control da incidencia e solicita medios e recursos para colaborar no cometido. Define o establecemento do Posto de Mando Avanzado para a coordinación dos medios no escenario. Non se fai referencia algunha á evolución desfavorable do sinistro, polo que non se pasa información ao CECOP ao respecto nin se traslada a previsión ao superior xerárquico para a activación de medios, recursos e a posibilidade de activación do plan Transgal. Non se identifica a materia involucrada nin se define a tipoloxía do incidente. Non hai previsión sobre a posibilidade de explosión, nin previsión dos posibles afectados pola nube tóxica, nin a afectación do entorno no caso de que exista fuga en estado líquido. Non se definen os medios ou Servizos no escenario. Non se especifica a composición do Posto de Mando Avanzado.

3º FASE – Dirección e control: O aspirante, nesta terceira fase, establece o procedemento de traballo, o reparto de tarefas para o control do incidente. Define a reevaluación e o análise de posibles incidencias causadas pola fuga de gas, en previsión de afectación a terceiros ou dano medioambiental. Neste punto, non se ten en conta o traspaso de información nin a toma de mando do Sarxento, xa que o desenvolvemento do suposto parte dunha activación inicial e da aplicación dun protocolo dende o aviso (onde non se especifica a tipoloxía do sinistro), polo que non se axusta ao punto 1º e 2º de referencia para guiar a evolución do exercicio. Defínese a implantación do Posto de Mando Avanzado pero non se especifica como está composto. Non se define sectorización da intervención en referencia aos diferentes grupos de acción. Non se ten en conta a valoración da magnitude para solicitar a activación ou traspaso do mando a liña xerárquica superior. Non se ten en consideración o traslado de información ao superior xerárquico nin a activación do plan específico Transgal. Non se ten en conta a aplicación de medidas específicas nin recursos especiais para a escorrentía da extinción de incendio, a posible fuga en estado líquido da materia, aínda que se menciona a posible afectación da nube tóxica a terceiros. O Sarxento non asume a dirección da intervención.

4º FASE – Post intervención: O aspirante, nesta cuarta fase define a recollida e reposición do material e establécese o retorno a base. Especificase algunha medida de hixiene e reposición do material. Non se valora a afectación xeral do sinistro nin os danos específicos causados. Non se valora a necesidade implantar un retén de seguridade ata a recuperación xeral do escenario. Non se valoran as tarefas de corrección ou recuperación do escenario nin a valoración de retén de seguridade ou custodia do escenario.

5º Análise: O aspirante fai referencia á análise e posta en común da intervención e do procedemento utilizado co obxecto de detectar posibles erros e mellorar de cara ao futuro. Fai referencia a elaboración do



The bottom of the page features four handwritten signatures or initials in black ink. From left to right: a large, flowing signature; a set of initials 'LH' followed by a vertical line and the number '5'; a circular signature; and another circular signature.

pertinente informe. Non se fai referencia as particularidades do procedemento e as tarefas do plan de acción. Non se especifica a composición do informe.

Concluindo, o exame presenta unha insuficiencia de análise tal que non precisa ningunha actuación revisora das cualificacións.

2º.- Alegacións presentadas por D. José Antonio Villar Comesaña o día 19.12.2018 (documento 180202351). O órgano de selección considera que, vista a media ponderada obtida polo aspirante neste exercicio (4,86 puntos), o que supuxo a cualificación *provisoria* de *non apto* por un déficit de 0,14 décimas, debe procederse a un estudo detallado dos motivos impugnatorios alegados polo aspirante.

Porén, e con carácter previo, procédese a unha análise particularizada do desenvolvemento do seu exercicio:

Introdución: O aspirante, realiza unha breve introdución na que fai referencia a norma UNE 22320 onde se recollen as fases da xestión de emerxencias. Non se recolle referencia algunha sobre o conxunto de Leis que afectan directamente ás emerxencias, nin norma básica nin planificación de Protección Civil. Tampouco se enumera nin describe sistema algún de xestión de emerxencias. Non se define capacidade organizativa nin estrutural sobre a xestión da emerxencia.


1º FASE – Previo: O aspirante, nesta primeira fase realiza unha descrición somera en referencia a alarma e a recollida de datos. Activa un protocolo que non se especifica e fai referencia a uns recursos humanos e materiais específicos. En referencia ao itinerario, activa os recursos máis próximos o sinistro e organiza os medios restantes do operativo e solicita máis información co alertante ou con outros medios no punto para ter previsión sobre a organización do escenario. Actívase un protocolo específico para incidente RNBQ a pesar de que no primeiro punto do exercicio trasládase que existe información pouco concreta sobre o sinistro. Non se traslada información ni ao CECOP nin a liña xerárquica superior, nin se ten en previsión na información que se debe pasar para a posibilidade da preactivación da planificación de Protección Civil.

2º FASE – Procedemento: O aspirante, nesta segunda fase realiza unha descrición do procedemento de avaliación inicial. Identifica a materia involucrada e define a tipoloxía do incidente. Organiza as tarefas e traza o plan de acción. Solicita máis medios para o control do incendio forestal. Non se fai referencia algunha á evolución desfavorable do sinistro, polo que non se pasa información ao CECOP nin se traslada a previsión ao superior xerárquico para a activación de medios, recursos e a posibilidade de activación do plan Transgal. Non hai previsión sobre a posibilidade de explosión, nin previsión dos posibles afectados pola nube tóxica, nin a afectación do entorno no caso de que exista fuga en estado líquido.

3º FASE – Dirección e control: O aspirante, nesta terceira fase, establece o procedemento de traballo, o reparto de tarefas para o control do incidente. Define o establecemento do Posto de Mando Avanzado e a organización do escenario. Analiza o sinistro e reevalua a evolución. Neste punto non se ten en conta o traspaso de información nin a toma de mando do Sarxento, xa que o desenvolvemento do suposto parte dunha activación inicial e da aplicación dun protocolo específico dende o aviso (onde non se especifica a tipoloxía do sinistro), polo que non se axusta ao punto 1º e 2º de referencia para guiar a evolución do exercicio. Defínese a implantación do Posto de Mando Avanzado pero non se especifica como está composto. Non se define sectorización da intervención en referencia aos diferentes grupos de acción. Non se ten en conta a valoración da magnitude para solicitar a activación ou traspaso do mando a liña xerárquica superior. Non se ten en consideración o traslado de información ao superior xerárquico nin a activación do plan específico Transgal. Non se ten en conta a aplicación de medidas específicas nin recursos especiais para a escorrentía da extinción de incendio, a posible fuga en estado líquido da materia nin a posible afectación da nube tóxica a terceiros.

4º FASE – Post intervención: O aspirante, nesta cuarta fase define algunha medida para recuperar o escenario. Especifica que se realizan as tarefas de toma de datos, recollida e reposición do material e establécese o retorno a base. Non se valora a afectación xeral do sinistro nin os danos específicos causados. Non se valora a necesidade implantar un retén de seguridade ata a recuperación xeral do escenario. No retorno non se fai referencia a higiene específica do persoal participante.

5º Análise: O aspirante fai referencia á análise e posta en común da intervención e do procedemento utilizado co obxecto de detectar posibles erros e mellorar de cara ao futuro. Neste punto non se fai referencia algunha a elaboración do informe de Sarxento ou xefe de garda, xa que debe recoller a



secuencia completa da intervención en función da toma de mando correspondente, as diferentes fases do sinistro e a súa evolución.

Vistas as alegacións presentadas, o órgano de selección admite a conveniencia de reconsiderar dous aspectos singulares que presiden o exercicio do opositor: en primeiro lugar, a súa atinada identificación do produto tóxico e, en segundo lugar, o seu grao de concreción nos detalles da intervención, e dicir, o relato do procedemento, notas distintivas que marcan unha sensible diferenza na calidade do seu exercicio. Por ilo, o órgano de selección entende, por unanimidade, a conveniencia de acometer unha nova puntuación dos parámetros de corrección 3º e 4º, dándose a oportunidade, os membros do órgano de selección, de revisar as súas cualificacións iniciais por se as mesmas puideran adoeecer de certo rigor en relación á debida dimensión valorativa do exercicio, criterio revisor que non provoca afectación ningunha sobre os dereitos de ningún outro aspirante, en primeiro lugar, por canto as primeiras cualificacións dos exercicios teñen unha natureza provisoria, ao contemplar as bases xerais o trámite de alegacións contra as mesmas (Base Xeral 17ª), e, en segundo lugar, ao terse convocado dúas prazas e ser, soamente, o devandito aspirante o único que pode ter a posibilidade de acceso a algunha das dúas prazas ofertadas. Por tales razóns, e tendo en consideración a proximidade valorativa co aprobado (establecido en 5,00 puntos) que xa acadou o aspirante na corrección deste segundo exercicio, acordan, por unanimidade, estimar parcialmente as alegacións no sentido de volver a puntuar, coa mesma orde de emisión de cualificacións que foi establecida, os parámetros 3º e 4º.

Solicitada polo Sr. Secretario a emisión das cualificacións individuais pola mesma orde de emisión que xa fora establecida en relación a eses dous parámetros, reflíctense os seguintes resultados:

PARÁMETRO 3º:

O Sr. Presidente mantén a puntuación inicial xa emitida.

O Vocal 1º mantén a puntuación inicial xa emitida.

O Vocal 3º outorga ao parámetro de corrección 0,80 puntos fronte aos 0,60 inicialmente conferidos.

PARAMETRO 4º:

O Sr. Presidente mantén a puntuación inicial xa emitida.

O Vocal 1º outorga ao parámetro de corrección 0,90 puntos fronte aos 0,60 inicialmente conferidos.

O Vocal 3º mantén as puntuacións iniciais xa emitidas.

En consecuencia, o Tribunal acorda admitir as novas cualificacións realizadas en resposta ás alegacións presentadas polo aspirante e recalcular a nota media obtida neste exercicio teórico práctico, quedando as cualificacións totais emitidas ao opositor Sr. Villar Comesaña do seguinte xeito:

Cualificación final do Presidente: 4,70 puntos.

Cualificación final do Vocal 1º: 5,30 puntos.


Cualificación final do Vocal 3º: 5,10 puntos.

MEDIA ARITMÉTICA: 5,033 puntos.

Consecuencia dos acordos adoptados, o órgano de selección acorda ter superado o segundo exercicio da oposición ao aspirante Sr. D. José Antonio Villar Comesaña, dispoñendo a continuación do proceso selectivo.

Infórmase aos aspirantes que contra o anterior acordo tan só cabe a interposición dos recursos administrativos ou xurisdicionais que expresamente figuran previstos nas bases xerais que rexen esta Convocatoria (Base xeral décimo sétima).

Sendo as 15,00 horas, os membros do Tribunal dan por concluída a sesión, dispoñendo publica-lo contido da presente Acta na páxina web municipal, e da que da fe o Sr. Secretario, co Vº e prace do Sr. Presidente.





Doc. Anexo 1.

CONCELLO DE VIGO

CADRO DE CALIFICACIÓNS DO EXERCIZO PRÁCTICO DA OPOSICIÓN CONVOCADA PARA PROVEER DÚAS PRAZAS FUNCIONARIAIS DE SARXENTO DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POR QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014, 2015, 2016.

DATA DA CELEBRACIÓN: 14 DE DECEMBRO DE 2018

Desagregación das puntuacións emitidas consonte aos subapartados dos parámetros de avaliación.

ASPIRANTE: SR.D. JOSE ANTONIO VILLAR COMESAÑA

MEMBRO DO TRIBUNAL EMISOR DAS CUALIFICACIÓNS: PRESIDENTE

INTRODUCCIÓN	LEIS/NORMA UNE/PLANIFICACIÓN PROTECCIÓN CIVIL/SISTEMA DE XESTIÓN DE EMERXENCIAS	0'25		
1ª FASE PREVIO	1. ALARMA-AVISO (TOMA DE DATOS)	0'20	1'30	
	2. TREN DE SAÍDA	0'20		
	3. RECURSOS HUMANOS	0		
	4. APROXIMACIÓN-ITINERARIO-UBICACIÓN			
	5. AVALIACIÓN DO ESCENARIO/SINISTRO	0'40		
2ª FASE PROCEDEMENTO	6. ORGANIZACIÓN DE TAREFAS/PLAN DE ACCIÓN	0'50	1'05	
	7. PASO DE INFORMACIÓN/SOLICITUDE DE Preactivación DE PLANS	0		
	EVOLUCIÓN DO SINISTRO DESFAVORABLE			
	8. PREVISIÓN SOBRE EVOLUCIÓN DO SINISTRO/ACTIVACIÓN DE JG+RRHH+RRMM	0'05		
	9. REVISIÓN DO RESULTADO/REEVALUACIÓN (CÍRCULO DINÁMICO)	0'50		
	10. PASO DE INFORMACIÓN CON CECOP SOBRE PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN	0		
3ª FASE DIRECCIÓN E CONTROL	11. MOBILIZACIÓN OPERATIVA SARXENTO	0	0'75	
	12. ASUNCIÓN DE DIRECCIÓN DA INTERVENCIÓN	0'25		
	13. IMPLANTACIÓN DO POSTO DE MANDO AVANZADO/SECTORIZACIÓN DO ESCENARIO	0'25		
	14. TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN CON CECOP/LINEAL XERÁRQUICA/OUTROS MEDIOS	0		
	15. CLASIFICACIÓN DA EMERXENCIA/TIPOLOXÍA/SOLICITUDE DE ACTIVACIÓN DE PLANS	0'25		
4ª FASE POST-INTERVENCIÓN	16. VALORACIÓN DE DANOS XERAIS/ESPECÍFICOS	0'20	1'40	
	17. TAREFAS DE CORRECCIÓN/RECUPERACIÓN DO ESCENARIO	0'30		
	18. VALORACIÓN DE RETÉN DE SEGURIDADE/ MEDIDAS DE CUSTODIA DO ESCENARIO	0		
	19. TOMA DE DATOS/RECOLLIDA DO MATERIAL/RETORNO A BASE	0'30		
	20. REORGANIZACIÓN DO ESTADO PREVIO/HIXIENE/LIMPEZA/REPOSICIÓN	0'30		
ANÁLISE	DEBRIEFFING - AVALIACIÓN DO PROCEDEMENTO E PLAN DE ACCIÓN-ELABORACIÓN DO INFORME		0'25	



CONCELLO DE VIGO

CADRO DE CALIFICACIÓNS DO EXERCIZO PRÁCTICO DA OPOSICIÓN CONVOCADA PARA PROVEER DÚAS PRAZAS FUNCIONARIAIS DE SARXENTO DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POR QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014, 2015, 2016.

DATA DA CELEBRACIÓN: 14 DE DECEMBRO DE 2018

Desagregación das puntuacións emitidas consonte aos subapartados dos parámetros de avaliación.

ASPIRANTE: SR.D. DANIEL CABALEIRO NOVELLE

MEMBRO DO TRIBUNAL EMISOR DAS CUALIFICACIÓNS: PRESIDENTE

INTRODUCCIÓN	LEIS/NORMA UNE/PLANIFICACIÓN PROTECCIÓN CIVIL/SISTEMA DE XESTIÓN DE EMERXENCIAS		0	
1ª FASE PREVIO	1. ALARMA-AVISO (TOMA DE DATOS)	0'20	1'20	
	2. TREN DE SAÍDA	0'20		
	3. RECURSOS HUMANOS	0'10		
	4. APROXIMACIÓN-ITINERARIO-UBICACIÓN	0'20		
	5. AVALIACIÓN DO ESCENARIO/SINISTRO	0'50		
2ª FASE PROCEDEMENTO	6. ORGANIZACIÓN DE TAREFAS/PLAN DE ACCIÓN	0'30	0'80	
	7. PASO DE INFORMACIÓN/SOLICITUDE DE Preactivación DE PLANS	0		
	EVOLUCIÓN DO SINISTRO DESFAVORABLE			
	8. PREVISIÓN SOBRE EVOLUCIÓN DO SINISTRO/ACTIVACIÓN DE JG+RRHH+RRMM	0'10		
	9. REVISIÓN DO RESULTADO/REEVALUACIÓN (CÍRCULO DINÁMICO)	0'20		
	10. PASO DE INFORMACIÓN CON CECOP SOBRE PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN	0'20		
3ª FASE DIRECCIÓN E CONTROL	11. MOBILIZACIÓN OPERATIVA SARXENTO	0	0'50	
	12. ASUNCIÓN DE DIRECCIÓN DA INTERVENCIÓN	0'25		
	13. IMPLANTACIÓN DO POSTO DE MANDO AVANZADO/SECTORIZACIÓN DO ESCENARIO	0'25		
	14. TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN CON CECOP/LINEAL XERÁRQUICA/OUTROS MEDIOS	0		
	15. CLASIFICACIÓN DA EMERXENCIA/TIPOLOXÍA/SOLICITUDE DE ACTIVACIÓN DE PLANS	0		
4ª FASE POST-INTERVENCIÓN	16. VALORACIÓN DE DANOS XERAIS/ESPECÍFICOS	0'20	1'20	
	17. TAREFAS DE CORRECCIÓN/RECUPERACIÓN DO ESCENARIO	0'10		
	18. VALORACIÓN DE RETÉN DE SEGURIDADE/ MEDIDAS DE CUSTODIA DO ESCENARIO	0'20		
	19. TOMA DE DATOS/RECOLLIDA DO MATERIAL/RETORNO A BASE	0'30		
	20. REORGANIZACIÓN DO ESTADO PREVIO/HIXIENE/LIMPEZA/REPOSICIÓN	0'40		
ANÁLISE	DEBRIEFFING - AVALIACIÓN DO PROCEDEMENTO E PLAN DE ACCIÓN-ELABORACIÓN DO INFORME		0'25	

[Firma manuscrita]



Doc Anexo III

CONCELLO DE VIGO

CADRO DE CALIFICACIÓNS DO EXERCIZO PRÁCTICO DA OPOSICIÓN CONVOCADA PARA PROVEER DÚAS PRAZAS FUNCIONARIAIS DE SARXENTO DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POR QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014, 2015, 2016.

DATA DA CELEBRACIÓN: 14 DE DECEMBRO DE 2018

Desagregación das puntuacións emitidas consonte aos subapartados dos parámetros de avaliación.

ASPIRANTE:SR.D. Jose' ANTONIO VILLAR COMESAÑA

MEMBRO DO TRIBUNAL EMISOR DAS CUALIFICACIÓNS: 1º VOCAL

INTRODUCCIÓN	LEIS/NORMA UNE/PLANIFICACIÓN PROTECCIÓN CIVIL/SISTEMA DE XESTIÓN DE EMERXENCIAS			
			0,2	
1ª FASE PREVIO	1. ALARMA-AVISO (TOMA DE DATOS)	0,3	1,6	
	2. TREN DE SAÍDA	0,3		
	3. RECURSOS HUMANOS	0,3		
	4. APROXIMACIÓN-ITINERARIO-UBICACIÓN	0,4		
	5. AVALIACIÓN DO ESCENARIO/SINISTRO	0,3		
2ª FASE PROCEDEMENTO	6. ORGANIZACIÓN DE TAREFAS/PLAN DE ACCIÓN	0,4	1,4	
	7. PASO DE INFORMACIÓN/SOLICITUDE DE Preactivación DE PLANS	0,3		
	EVOLUCIÓN DO SINISTRO DESFAVORABLE			
	8. PREVISIÓN SOBRE EVOLUCIÓN DO SINISTRO/ACTIVACIÓN DE JG+RRHH+RRMM	0,3		
	9. REVISIÓN DO RESULTADO/REEVALUACIÓN (CÍRCULO DINÁMICO)	0,2		
	10.PASO DE INFORMACIÓN CON CECOP SOBRE PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN	0,2		
3ª FASE DIRECCIÓN E CONTROL	11.MOBILIZACIÓN OPERATIVA SARXENTO	0	0,6	
	12.ASUNCIÓN DE DIRECCIÓN DA INTERVENCIÓN	0		
	13. IMPLANTACIÓN DO POSTO DE MANDO AVANZADO/SECTORIZACIÓN DO ESCENARIO	0,3		
	14.TRASMISIÓN DE INFORMACIÓN CON CECOP/LINEAL XERÁRQUICA/OUTROS MEDIOS	0		
	15. CLASIFICACIÓN DA EMERXENCIA/TIPOLOXÍA/SOLICITUDE DE ACTIVACIÓN DE PLANS	0,3		
4ª FASE POST-INTERVENCIÓN	16. VALORACIÓN DE DANOS XERAIS/ESPECÍFICOS	0,3	1	
	17. TAREFAS DE CORRECCIÓN/RECUPERACIÓN DO ESCENARIO	0,3		
	18. VALORACIÓN DE RETÉN DE SEGURIDADE/ MEDIDAS DE CUSTODIA DO ESCENARIO	0		
	19. TOMA DE DATOS/RECOLLIDA DO MATERIAL/RETORNO A BASE	0,2		
	20. REORGANIZACIÓN DO ESTADO PREVIO/HIXIENE/LIMPEZA/REPOSICIÓN	0,2		
ANÁLISE	DEBRIEFFING - AVALIACIÓN DO PROCEDEMENTO E PLAN DE ACCIÓN-ELABORACIÓN DO INFORME		0,2	



CONCELLO DE VIGO

CADRO DE CALIFICACIÓNS DO EXERCIZO PRÁCTICO DA OPOSICIÓN CONVOCADA PARA PROVEER DÚAS PRAZAS FUNCIONARIAIS DE SARXENTO DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POR QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014, 2015, 2016.

DATA DA CELEBRACIÓN: 14 DE DECEMBRO DE 2018

Desagregación das puntuacións emitidas consonte aos subapartados dos parámetros de avaliación.

ASPIRANTE: SR.D. DANIEL CABALGIRO NOVELLE

MEMBRO DO TRIBUNAL EMISOR DAS CUALIFICACIÓNS: 1º VOCAL

INTRODUCCIÓN	LEIS/NORMA UNE/PLANIFICACIÓN PROTECCIÓN CIVIL/SISTEMA DE XESTIÓN DE EMERXENCIAS			
			0	
1ª FASE PREVIO	1. ALARMA-AVISO (TOMA DE DATOS)	0,4	1,2	
	2. TREN DE SAÍDA	0,3		
	3. RECURSOS HUMANOS	0,4		
	4. APROXIMACIÓN-ITINERARIO-UBICACIÓN	0		
	5. AVALIACIÓN DO ESCENARIO/SINISTRO	0,1		
2ª FASE PROCEDEMENTO	6. ORGANIZACIÓN DE TAREFAS/PLAN DE ACCIÓN	0,4	1	
	7. PASO DE INFORMACIÓN/SOLICITUDE DE Preactivación de plans	0		
	EVOLUCIÓN DO SINISTRO DESFAVORABLE			
	8. PREVISIÓN SOBRE EVOLUCIÓN DO SINISTRO/ACTIVACIÓN DE JG+RRHH+RRMM	0,1		
	9. REVISIÓN DO RESULTADO/REEVALUACIÓN (CÍRCULO DINÁMICO)	0,2		
	10. PASO DE INFORMACIÓN CON CECOP SOBRE PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN	0,3		
3ª FASE DIRECCIÓN E CONTROL	11. MOBILIZACIÓN OPERATIVA SARXENTO	0	0,6	
	12. ASUNCIÓN DE DIRECCIÓN DA INTERVENCIÓN	0		
	13. IMPLANTACIÓN DO POSTO DE MANDO AVANZADO/SECTORIZACIÓN DO ESCENARIO	0,2		
	14. TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN CON CECOP/LINEAL XERÁRQUICA/OUTROS MEDIOS	0,2		
	15. CLASIFICACIÓN DA EMERXENCIA/TIPOLOXÍA/SOLICITUDE DE ACTIVACIÓN DE PLANS	0,2		
4ª FASE POST-INTERVENCIÓN	16. VALORACIÓN DE DANOS XERAIS/ESPECÍFICOS	0,3	0,8	
	17. TAREFAS DE CORRECCIÓN/RECUPERACIÓN DO ESCENARIO	0,2		
	18. VALORACIÓN DE RETÉN DE SEGURIDADE/ MEDIDAS DE CUSTODIA DO ESCENARIO	0,1		
	19. TOMA DE DATOS/RECOLLIDA DO MATERIAL/RETORNO A BASE	0,1		
	20. REORGANIZACIÓN DO ESTADO PREVIO/HIXIENE/LIMPEZA/REPOSICIÓN	0,1		
ANÁLISE	DEBRIEFFING - AVALIACIÓN DO PROCEDEMENTO E PLAN DE ACCIÓN-ELABORACIÓN DO INFORME		0,2	



CONCELLO DE VIGO

Doc. Anexo V

CADRO DE CALIFICACIÓNS DO EXERCIZO PRÁCTICO DA OPOSICIÓN CONVOCADA PARA PROVEER DÚAS PRAZAS FUNCIONARIAIS DE SARXENTO DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POR QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014, 2015, 2016.

DATA DA CELEBRACIÓN: 14 DE DECEMBRO DE 2018

Desagregación das puntuacións emitidas consonte aos subapartados dos parámetros de avaliación.

ASPIRANTE: SR.D. DANIEL CABALEIRO NOVELLE

MEMBRO DO TRIBUNAL EMISOR DAS CUALIFICACIÓNS: 3º VOCAL

INTRODUCCIÓN	LEIS/NORMA UNE/PLANIFICACIÓN PROTECCIÓN CIVIL/SISTEMA DE XESTIÓN DE EMERXENCIAS			
1ª FASE PREVIO	1. ALARMA-AVISO (TOMA DE DATOS)	0,1	0,8	
	2. TREN DE SAÍDA	0,2		
	3. RECURSOS HUMANOS	0,3		
	4. APROXIMACIÓN-ITINERARIO-UBICACIÓN	0,1		
	5. AVALIACIÓN DO ESCENARIO/SINISTRO	0,1		
2ª FASE PROCEDEMENTO	6. ORGANIZACIÓN DE TAREFAS/PLAN DE ACCIÓN	0,0	0,2	
	7. PASO DE INFORMACIÓN/SOLICITUDE DE Preactivación DE PLANS	0,1		
	EVOLUCIÓN DO SINISTRO DESFAVORABLE			
	8. PREVISIÓN SOBRE EVOLUCIÓN DO SINISTRO/ACTIVACIÓN DE JG+RRHH+RRMM	0,1		
	9. REVISIÓN DO RESULTADO/REEVALUACIÓN (CÍRCULO DINÁMICO)	0,0		
3ª FASE DIRECCIÓN E CONTROL	10. PASO DE INFORMACIÓN CON CECOP SOBRE PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN	0,0	0,3	
	11. MOBILIZACIÓN OPERATIVA SARXENTO	0,0		
	12. ASUNCIÓN DE DIRECCIÓN DA INTERVENCIÓN	0,0		
	13. IMPLANTACIÓN DO POSTO DE MANDO AVANZADO/SECTORIZACIÓN DO ESCENARIO	0,1		
	14. TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN CON CECOP/LINEAL XERÁRQUICA/OUTROS MEDIOS	0,1		
4ª FASE POST-INTERVENCIÓN	15. CLASIFICACIÓN DA EMERXENCIA/TIPOLOXÍA/SOLICITUDE DE ACTIVACIÓN DE PLANS	0,1	1,2	
	16. VALORACIÓN DE DANOS XERAIS/ESPECÍFICOS	0,2		
	17. TAREFAS DE CORRECCIÓN/RECUPERACIÓN DO ESCENARIO	0,2		
	18. VALORACIÓN DE RETÉN DE SEGURIDADE/ MEDIDAS DE CUSTODIA DO ESCENARIO	0,2		
	19. TOMA DE DATOS/RECOLLIDA DO MATERIAL/RETORNO A BASE	0,3		
ANÁLISE	20. REORGANIZACIÓN DO ESTADO PREVIO/HIXIENE/LIMPEZA/REPOSICIÓN	0,3	0,2	
	DEBRIEFING - AVALIACIÓN DO PROCEDEMENTO E PLAN DE ACCIÓN-ELABORACIÓN DO INFORME	0,2		



Doc. Anexo VI

CONCELLO DE VIGO

CADRO DE CALIFICACIÓNS DO EXERCIZO PRÁCTICO DA OPOSICIÓ N CONVOCADA PARA PROVEER DÚAS PRAZAS FUNCIONARIAIS DE SARXENTO DO SERVICIO DE EXTINCIÓ N DE INCENDIOS, POR QUENDA DE PROMOCIÓ N INTERNA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚ Blico DOS ANOS 2014, 2015, 2016.

DATA DA CELEBRACIÓ N: 14 DE DECEMBRO DE 2018

DesagregaciÓ n das puntuaciÓ ns emitidas consonte aos subapartados dos parÁ metros de avaliaciÓ n.

ASPIRANTE:SR.D. JOSE ANTONIO VILLAR COMESAÑA

MEMBRO DO TRIBUNAL EMISOR DAS CUALIFICACIÓ NS: 3º VOCAL

INTRODUCIÓ N	LEIS/NORMA UNE/PLANIFICACIÓ N PROTECCIÓ N CIVIL/SISTEMA DE XESTIÓ N DE EMERXENCIAS			
			0,2	
1ª FASE PREVIO	1. ALARMA-AVISO (TOMA DE DATOS)	0,3	1,4	
	2. TREN DE SAÍ DA	0,3		
	3. RECURSOS HUMANOS	0,3		
	4. APROXIMACIÓ N-ITINERARIO-UBICACIÓ N	0,3		
	5. AVALIACIÓ N DO ESCENARIO/SINIstro	0,2		
2ª FASE PROCEDEMENTO	6. ORGANIZACIÓ N DE TAREFAS/PLAN DE ACCIÓ N	0,2	0,80	
	7. PASO DE INFORMACIÓ N/SOLICITUDE DE PreactivaciÓ n DE PLANS	0,1		
	EVOLUCIÓ N DO SINISTRO DESFAVORABLE			
	8. PREVISIÓ N SOBRE EVOLUCIÓ N DO SINISTRO/ACTIVACIÓ N DE JG+RRHH+RRMM	0,2		
	9. REVISIÓ N DO RESULTADO/REEVALUACIÓ N (CÍRCULO DINÁ MICO)	0,2		
	10.PASO DE INFORMACIÓ N CON CECOP SOBRE PREVISIÓ N DA EVOLUCIÓ N	0,1		
3ª FASE DIRECCIÓ N E CONTROL	11.MOBILIZACIÓ N OPERATIVA SARXENTO	0,1	0,80	
	12.ASUNCIÓ N DE DIRECCIÓ N DA INTERVENCIÓ N	0,2		
	13. IMPLANTACIÓ N DO POSTO DE MANDO AVANZADO/SECTORIZACIÓ N DO ESCENARIO	0,1		
	14.TRASMISIÓ N DE INFORMACIÓ N CON CECOP/LINEAL XERÁ RQUICA/OUTROS MEDIOS	0,1		
	15. CLASIFICACIÓ N DA EMERXENCIA/TIPOLOXÍA /SOLICITUDE DE ACTIVACIÓ N DE PLANS	0,3		
4ª FASE POST-INTERVENCIÓ N	16. VALORACIÓ N DE DANOS XERAIS/ESPECÍ FICOS	0,3	1,6	
	17. TAREFAS DE CORRECCIÓ N/RECUPERACIÓ N DO ESCENARIO	0,2		
	18. VALORACIÓ N DE RETÉN DE SEGURIDADE/ MEDIDAS DE CUSTODIA DO ESCENARIO	0,3		
	19. TOMA DE DATOS/RECOLLIDA DO MATERIAL/RETORNO A BASE	0,4		
	20. REORGANIZACIÓ N DO ESTADO PREVIO/HIXIENE/LIMPEZA/REPOSICIÓ N	0,4		
ANÁ LISE	DEBRIEFFING - AVALIACIÓ N DO PROCEDEMENTO E PLAN DE ACCIÓ N-ELABORACIÓ N DO INFORME	0,3	0,3	